

NORMATIVA DE USO DAS SALAS DE TRABALLO EN GRUPO

A Biblioteca Universitaria, como parte do seu servizo, ofrece unha serie de salas de traballo en grupo nalgunhas das súas bibliotecas. Estas salas están orientadas a facilitar as actividades colectivas de estudo, aprendizaxe e investigación do alumnado e do resto da comunidade universitaria pertencente á Universidade de Vigo. Coa finalidade de ordenar e regular o uso destas salas establécese a presente normativa.

1. PERSOAS USUARIAS QUE PODEN UTILIZAR AS SALAS

Membros da comunidade universitaria, preferentemente o alumnado matriculado nas titulacións que imparte a Universidade de Vigo.

2. RESERVA DAS SALAS

Para poder facer uso das salas cómpre presentar a tarxeta universitaria e facer unha reserva cubrindo o impreso que se facilita nos mostradores de préstamo das bibliotecas que contan con estes espazos.

Se despois de realizar a reserva non se vai facer uso da sala, é obrigatorio cancelala coa finalidade de deixala dispoñible para outras persoas. En todo caso, se transcorridos vinte minutos a persoa ou o grupo non se presenta, o persoal da biblioteca cancelará a reserva.

3. NÚMERO DE PERSOAS USUARIAS POR SALA

Para poder utilizar as salas requírese un grupo de, como mínimo, tres persoas e dun máximo de oito. En calquera caso haberá sempre unha persoa responsable da reserva que fará constar os seus datos de identificación no impreso de reserva de salas (nome e apelidos, DNI ou tarxeta universitaria, enderezo electrónico, centro e titulación).

4. TEMPO DE USO

O período máximo de utilización dunha sala é de tres horas, aínda que se poderá renovar este período por outras tres horas máis sempre que non exista ningunha reserva feita.

5. HORARIO

O horario de utilización das salas de traballo en grupo é o mesmo que o de apertura da biblioteca en que se atopan as salas. Con todo, estas terán que desaloxarse dez minutos antes do horario de peche da biblioteca.

6. REGLAS BÁSICAS DE USO DAS SALAS

Para manter as salas nas debidas condicións e respectar o dereito ao seu uso polo conxunto da comunidade universitaria, a súa utilización está suxeita a unhas regras básicas:

- Non está permitido fumar, comer nin beber (agás auga).
- Farase un uso respectuoso do mobiliario e do equipamento.
- Débese manter o ambiente de traballo, sen elevar o ton de voz nin ocasionar ruídos molestos para o contorno ou o resto da biblioteca.
- A persoa que figura como responsable da reserva é a que responde ante a biblioteca do uso correcto dela e está obrigada a comunicarlle ao persoal de servizo calquera incidencia ou dano que xurdirse con ocasión da reserva.
- Os membros do grupo non deben deixar obxectos persoais nin libros da biblioteca no interior da sala unha vez que a desocupen. No caso contrario, a biblioteca non se responsabilizará deles.
- A persoa responsable da reserva deberá avisar o persoal da biblioteca cando o grupo abandone a sala. Esta deberá devolverse en perfecto estado.

7. INCUMPRIMENTO DESTAS NORMAS DE USO

A biblioteca resérvase o dereito de desautorizarlles temporalmente o uso das salas ás persoas ou aos grupos que incumpran esta normativa.